



Confederación Intersindical Galega

**C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA****Consúmase o desprezo da AEAT aos C1 e C2**

Nestes días estivemos a escoitar diversos rumores referidos a un “aguinaldo” adicional de produtividade na nómina de setembro para os A2 e A1 que se cobrarían nesta nómina (na de outubro para Inspección), de 500 e 1.000 euros respectivamente.

Ainda que quixemos contrastar a información, ninguén foi quen de confirmalo ao 100%, polo que esperamos á nómina para ter todas as probas e poder denunciar públicamente, unha vez máis, o desprezo que nesta casa estamos a ver cos grupos C1 e C2 e tamén co persoal laboral.

Mentres tanto, seguimos á espera da nosa Carreira Administrativa paralizada desde o ano 2010, carreira que non debe ser do interese do Director da Axencia e os seus secuaces pois eles xa teñen unha “carreira paralela” e a dos traballadores, directamente, non interesa. Interésalles vender a moto aos sindicatos para se lles asine o PEIA, e ademais, da igual que haxa cláusula de proporcionalidade (xa vimos, unha ano máis, que todo segue igual), así algúns xa poden cobrar as súas produtividades escandalosas mentres o resto ten que conformarse con migallas e todos caladiños que aquí non pasa nada. E como non pasa nada, xa se atreven a dar un paso máis: O DESPREZO absoluto.

Para a **CIG** xa é o colmo, os dirixentes desta casa están a dicir directamente que os C1-C2 non traballan, que a súa contribución non ten ningún valor, vamos, unha OFENSA en toda a cara.

**CIG-AEAT****TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72**



Confederación Intersindical Galega

Non sabemos xa o que ten que pasar na Axencia para que veñan uns dirixentes que teñan un mínimo de empatía, respecto e de consideración co seu persoal. Nesta casa estáse a sobrepasar todos os límites coñecidos. Por outro lado, estamos seguros tamén que a intención co pretendido “aguinaldo” era premiar só aos Inspectores, e que facendo partícipes aos A2 se pretende, por un lado “diluir” a responsabilidade de quen tomou a decisión, así como de enfrontar a uns compañeiros con outros. Esperemos que isto non quede así, non pode quedar así. Temos que movilizarnos, dar un paso máis e botar a esta xente. Para iso precisamos o voso apoio, non imos quedar calados.

Sr. Director da AEAT, Directores/as de Departamento, Sres. Delegados/as e demais, tomade boa nota: o persoal está enfadado, disgustado, decepcionado, desmotivado.

Non merecemos estes dirixentes que non fan máis que ver polo seu peto permanecendo sempre ás costas dos traballadores.

**FACÉDENOS UN FAVOR, FACÉDELLE UN FAVOR Á AEAT: MARCHADE XA**

**CIG-AEAT**

**TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72**